



Ante as novas recollidas pola prensa a pasada fin de semana referentes á intervención realizada no retablo lateral da Igrexa Parroquial de San Xoán do Alto -Lugo-, a Delegación de Patrimonio Histórico Artístico da Diocese de Lugo,

#### **FAI SABER**

1º) A actuación carece de autorización da Diocese de Lugo.

2º) As actuacións no Patrimonio Histórico Artístico da Igrexa Católica pola súa natureza e importancia están suxeitas a determinados protocolos conforme á normativa tanto eclesiástica coma civil [Lei 8/95 do Patrimonio Galego]. Ditas actuacións teñen que estar autorizadas e executadas por persoal debidamente cualificado.

3º) A intervención realizada, na Igrexa Parroquial de San Xoán do Alto, baixo ningunha xustificación pode ser considerada coma unha restauración.

Pola presenza que a nova está a ter nos medios de comunicación subliñamos: a importancia do restaurador/a de Bens Culturais, dos que en Galicia temos excelentes profesionais e aos que estas novas lles teñen que causar unha grande dor.

Desde esta Delegación

#### **LEMBRÁSE**

Ás persoas con responsabilidade sobre o noso Patrimonio que: non se pode actuar nel sen seguir os protocolos e boa praxe profesional.

En Lugo a 18 de agosto de 2014

César Carnero  
Delegado de Patrimonio Histórico Artístico  
Diocese de Lugo